

CINCO ANOS DE FOMENTO DA LECTURA (1985-1990)

A finais do ano 1985, como remate do Ano Internacional da Mocidade, promóvese por primeira vez a Campaña Experimental de Fomento da Lectura desde a Consellería de Cultura e Benestar Social, tendo en conta a necesidade de acercamento dos rapaces ó mundo do libro e considerando a necesidade de fomentalo interese pola lectura, pois se ben é certo que nos últimos anos experimentouse certo aumento da poboación lectora, non é menos certo que, segundo as enquisas do Ministerio de Cultura, Galicia ocupa os niveis máis baixos de España e polo tanto, de Europa.

Esta primeira Campaña Experimental, convocouse pola Orde do 30 de xullo de 1985 (D.O.G. 22 de agosto de 1985) e ía dirixida a alumnos de 8º Curso de E.X.B. de Colexios da Comunidade Autónoma.

Pola resolución do 28-9-1985, D.O.G. de 22 do outubro de 1985, seleccionáronse 24 centros escolares atendendo a criterios xeográficos e

¹ ENQUISA DO COMPORTAMENTO CULTURAL DOS ESPAÑOIS. Análise da Comunidade Autónoma de Galicia (1987).

CINCO ANOS DE FOMENTO DA LECTURA (1985-1990)

A finais do ano 1985, como remate do Ano Internacional da Mocidade, promóvese por primeira vez a Campaña Experimental de Fomento da Lectura desde a Consellería de Cultura e Benestar Social, tendo en conta a necesidade de acercamento dos rapaces ó mundo do libro e considerando a necesidade de fomentalo interese pola lectura, pois se ben é certo que nos últimos anos experimentouse certo aumento da poboación lectora, non é menos certo que, segundo as enquisas do Ministerio de Cultura, Galicia ocupa os niveis máis baixos de España e polo tanto, de Europa.

Esta primeira Campaña Experimental, convocouse pola Orde do 30 de xullo de 1985 (D.O.G. 22 de agosto de 1985) e ía dirixida a alumnos de 8º Curso de E.X.B. de Colexios da Comunidade Autónoma.

Pola resolución do 28-9-1985, D.O.G. de 22 do outubro de 1985, seleccionáronse 24 centros escolares atendendo a criterios xeográficos e

¹ ENQUISA DO COMPORTAMENTO CULTURAL DOS ESPAÑOIS. Análise da Comunidade Autónoma de Galicia (1987).

poboacionais². Participaron aproximadamente 2.000 alumnos, que durante dous meses (decembro e xaneiro), tiveron a oportunidade de familiarizarse con exposicións de literatura Infantil e Xuvenil que, para tal fin foron instaladas nos centros participantes. Unha vez rematada a campaña, os lotes de libros foron cedidos en propiedade ás bibliotecas dos propios colexios.

Tratábase pois, nesta primeira Campaña, de acerca-los rapaces ó fascinante mundo do libro, ó coñecemento de autores, de Editoriais e de Coleccións, distribuindo catro libros a cada alumno participante, coa obriga de facer uns traballos sobre eles.

Entre as actividades cabe destacar, tamén, as visitas que algúns autores galegos fixeron ós Centros para confraternizar cos rapaces e, tamén, as visitas ás Bibliotecas Públicas máis cercanas ó Colexio.

Promovéronse Concursos de Redacción e de Expresión Plástica relacionados co libro e a lectura, outorgándolles tres premios para a modalidade de redacción e tres para a de expresión plástica.

Os seis premios outorgados polo Xurado nomeado pola Subdirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio Documental foron publicados na memoria editada para tal fin, publicándose tamén os mellores traballos, segundo os xurados que se constituíron nos Centros Participantes.

Tódolos alumnos premiados recibiron lotes de libros, como recompensa o seu labor.

Esta primeira aproximación ó mundo do libro a nivel de preferencias lectoras e de participación na Campaña, pódese considerar como moi positiva e iso alenta os responsables da Consellería de Cultura a unha nova convocatoria para o seguinte curso.

Pola Orde do 18 de novembro de 1986 (D.O.G. Nº 234, do 1 de decembro de 1987), convocábase Concurso Público para a selección de Entidades Culturais e Colexios interesados na participación da II Campaña de Fomento da Lectura dirixida a alumnos de 2º Ciclo de E.X.B. que realicen os seus estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A convocatoria ten boa acollida e participan nela 50 Colexios, cun total de 3.339 alumnos que ó longo do primeiro trimestre tiveron a oportunidade de visitar e participar en Exposicións Bibliográficas sobre literatura Infantil e

² CAMPAÑA EXPERIMENTAL DE FOMENTO DA LECTURA. Memoria de 1985, páx. 9.

Xuvenil en galego e, o mesmo que se fixera no ano anterior, os nenos participantes nesta II Campaña recibiron como obsequio dous libros sobre os que elaboraron os seus traballos para participaren, ben na modalidade de Expresión Plástica, ben na modalidade de Redacción.

As valoracións das Campañas de Fomento da Lectura faranse a partir desta II Campaña, segundo os datos que se reflecten nunha enquisa, (véxase anexo) que lles foi entregada ós alumnos e que se mantivo nas seguintes Campañas, se ben é certo, que foron introducidas algunhas variantes.

A III Campaña de Fomento da Lectura convocábase pola Orde do 30 de outubro de 1987 (D.O.G. do 12 de novembro de 1987), sendo o seu obxectivo o mesmo que nas campañas anteriores e que prevalece nas posteriores: o fomento do hábito lector dos nenos.

Á Convocatoria acoden 47 Colexios Públicos e 12 Privados, que forneceron un total de 3.628 enquisas das que se tomou unha mostra de tamaño igual a 1.000, de xeito que tódolos colexios participantes estivesen representados na mesma.

Compóñense as enquisas de seis áreas, con alternativas que van de catro a oito e cunha media moi aproximada a cinco.

A IV Campaña convocábase pola Orde do 14 de outubro de 1988 (D.O.G. do 28 de Outubro de 1988) en Concurso Público para a selección de Colexios interesados na mesma. Participaron un total de 89 colexios e subministraron 9.958 enquisas, das que foi tomada unha mostra de 1.000.

Nesta Campaña incorporouse tamén un cuestionario para mestres, xa que este colectivo pode proporcionar moitas suxerencias de cara a mellora-lo fomento da lectura entre os escolares.

A V Campaña convocábase pola Orde do 2 de marzo de 1989 (D.O.G. do 9 de maio de 1989) e foron seleccionados 100 Colexios cunha participación de 13.167 alumnos de E.X.B. da Comunidade Autónoma.

RESUME DAS CONVOCATORIAS

Campaña	Orde	D.O.G
I	30-VII-85	22-VIII-85
II	18-XI-86	1-XII-86
III	30-X-87	12-XI-87
IV	14-X-88	28-XI-88
V	2-III-89	9-V-89

Antes de face-la análise das distintas áreas e campañas mostrámo-lo seguinte cadro, no que se reflectan o número de colexios inscritos, o número de nenos participantes e o tamaño da mostra analizada.

Campañas	Colexios	Nº Índice	Alumnos	Nº Índice
I	24	100	2.000	100
II	50	208,3	3.339	167,9
III	59	245,8	3.628	181
IV	89	370,8	9.958	498
V	100	416,6	13.167	658

Tomamos números índice porque reflectan mellor as variacións experimentadas respecto o primeiro ano. Por exemplo ó número de colexios participantes na I Campaña igual a 24, asígnaselle un número índice igual a 100 e os seguintes datos obteranse pola fórmula porcentual, dato a obter multiplicado por 100 e dividido polo valor do primeiro dato ó que se lle asinou o valor igual a 100.

$$N^{\circ} \text{ INDICE} = \frac{\text{D.N. 100}}{\text{D.A.}}$$

Segundo o cadro, o número de colexios participantes duplicouse no segundo ano respecto ó primeiro, e aparece multiplicado por catro na V Campaña, tamén en relación coa primeira.

En canto ó nº de alumnos participantes, que son 2.000 na I Campaña e ó que se lle asigna un índice igual a 100, pódese comprobar, que case se duplica nos dous anos seguintes (II e III Campañas), quedando multiplicado por cinco na IV Campaña e por seis na V, o que supón uns incrementos de participación altamente significativos.

No referente ó sexo, aparecen unhas porcentaxes moi semellantes, cunha variación entre o 2% e o 5%, sempre favorable ás mulleres.

A área 1 complétase cos datos relativos á orixe social dos nenos participantes e para iso,

agrupámoslos tendo en conta a profesión dos pais, asígnándolles o grupo I ás familias de labregos, marinceiros, peóns, parados e similares; no grupo II encadramos industriais, funcionarios e comerciantes; e no grupo III, médicos, avogados e profesíóns liberais de certo prestixio, sendo os resultados os seguintes.

Campañas	Grupo I	Grupo II	Grupo III
I	-	-	-
II	73,5 %	26,5 %	-
III	77 %	17 %	6%
IV	75 %	20 %	5%
V	80 %	16 %	4%

Pódese comprobar un lixeiro pero continuo incremento no grupo I, en detrimento do grupo II, que diminúe na mesma proporción, e como o grupo III se presenta máis estable.

A determinación desta variable socio-económica é importante pola incidencia que ten nas demais variables da enquisa, como se poderá comprobar ó longo deste traballo. Na II Campaña, cando tomamos unha mostra para colexios privados e outra para colexios públicos, comprobamos que as porcentaxes do grupo I, dos cen-

tros privados, case coincidían coas do grupo II, de centros públicos e que se correlacionaban plenamente coas variables relativas ó nº de libros posuídos, tanto a nivel particular como a nivel de biblioteca familiar.

A área II suscita en primeiro lugar, unha pregunta de importancia:

¿Cantos libros hai na túa casa?

As respostas, agrúpanse en cinco alternativas e os resultados foron os seguintes:

ALTERNATIVAS					
Campaña	A% $0 < X \leq 10$	B% $11 \leq X \leq 20$	C% $21 \leq X \leq 30$	D% $31 \leq X \leq 40$	E% $X > 40$
I	-	-	-	-	-
II	8,2	31,8	23,9	22,5	13,5
III	5	33,3	24,8	25,2	7,5
IV	4,2	36,8	26,8	25,8	6,4
V ³					

En vista dos datos reflectidos no cadro, referentes á II Campaña, consideramos oportuno

rexecila primeira (menos de 10 libros) e a última (máis de 500) por seren moi extremas e non representaren a situación real media da pregunta, xa que na primeira aparece un 8,2% que di ter menos de 10 libros na súa casa e, na última, un 13,5% que afirma ter máis de 500 libros. É de supoñer que esta desviación obedece a que, nesta II Campaña, participaron colexios privados das distintas capitais de provincia e dos considerados de élite, polo nivel social das familias dos seus alumnos. Basta ter en conta que na mostra tomada nestes centros o 37% dos nenos din posuír entre 100 e 500 libros na súa casa e o 43 % afirman ter máis de 500 libros. Como é lóxico, son porcentaxes que, se se teñen en conta na mostra xeral, desvían considerablemente os resultados da media real e levaríannos á consideración dunha situación pouco axustada á realidade.

Así pois, tomadas as alternativas B, C e D, aparece un 32% que se sitúa na franxa comprendida entre 11 e 50 libros, un 24% entre 50 e 100, e un 22% con máis de 100 libros.

Analizados outros datos, podemos afirmar, que a alternativa B é a que máis se achega á realidade con ese 32 % de nenos que din ter na casa entre 11 e 50 libros. Así pois, e tendo en conta tamén a alternativa C, podemos concluír que o 56 % dos fogares posúen entre 11 e 100 libros.

³ Os resultados da V Campaña analízanse en capítulo 4 parte porque foron informatizados por zonas, provincias, ciclos, sexo, etc.

Na III Campaña, os datos reflectan unha situación moi similar á campaña anterior cun 33 % na alternativa de 11 a 50, e un 25% que se sitúa entre 50 e 100, resultando así unha porcentaxe do 58% que se sitúa entre 11 e 100 libros, o que nos dá un incremento do 2% respecto ó ano anterior, experimentando un 3% menos a primeira alternativa, o que fai supoñer-la adquisición de libros pola familia.

Na alternativa A (máis de 500 libros) pásase dun 13,5% do ano anterior a un 7,5%, o que representa o 40% menos, que dispoñen de máis de 500 libros. Isto explícase pola participación de menos colexios privados de alto estatus social na campaña.

Segundo os datos, na IV Campaña, mantense a mesma evolución das anteriores, ou sexa, progresivo descenso da primeira e última alternativa e lixeiro incremento nas intermedias; convén ter en conta ese 37 % que se sitúa entre 11 e 50 e tamén o 27 % entre 51 e 100. Resulta pois, que o 64 % ten entre 11 e 100 libros.

Resumo de datos:

Campaña	Entre 11 y 100
II	56 %
III	58 %
IV	64 %

Complétase a área 2 coa seguinte pregunta:

¿Cantos libros son teus?

As alternativas son as mesmas da pregunta anterior:

- A) menos de 10 libros
- B) entre 11 e 50 libros
- C) entre 50 e 100 libros
- D) entre 101 e 500 libros
- E) máis de 500 libros

Os resultados foron os seguintes:

ALTERNATIVAS					
Campaña	A % $0 < X \leq 10$	B % $11 \leq X \leq 50$	C % $50 < X \leq 100$	D % $101 \leq X \leq 500$	E % $X > 500$
II	27	50	16	6	0,6
III	21	56	17	5	0,7
IV	15	61	18	6	0,8

Se considerabamos importante a pregunta anterior, que facía referencia ó número de libros de uso común da familia, a que avaliamos a continuación é de vital importancia, xa que nos vai situar na auténtica relación do neno co mundo da lectura. Aínda que son dous aspectos claramente

diferenciáveis, o posuír unha boa biblioteca familiar e o grao de interese pola lectura non poden negarse que existe certa interrelación entre ambos, máxime se se trata de libros propios. Isto, denota non só interese senón tamén as predileccións de cada un. Se comparamos estes datos cos do punto 3,2 da área 3, hai que supoñer que estas porcentaxes de posesión de libros propios darán resposta inequivocamente a aqueles temas que segundo as enquisas, despartían máis interese e, normalmente, deben responder ós gustos de cada un.

Na II Campaña, o 27 % afirma ser dono de menos de 10 libros, dato que nos parece excesivamente baixo, dado que un neno le desde os seis anos, o que supón unha adquisición media dun libro por ano. Nembargantes, na alternativa B, que sitúa entre 10 e 50 o número de libros propios, atopamos un esperanzador 50 % e un importante 16 % que se sitúan na banda de 50 a 100 libros, e como parece máis lóxico, só un 6 % supera o máximo nº dos 100 libros.

Segundo os datos, na III Campaña descende en 6 puntos a porcentaxe da primeira alternativa, xa que pasa do 27 % ó 21 %, e incrementase na mesma cantidade a alternativa B, pasando así do 50 ó 56% o número de nenos que posúen entre 10 e 50 libros, permanecendo con escasa variación as outras dúas alternativas.

Temos pois, que en únicamente 3 anos, incrementouse do 66% o 79% o número de nenos que xa teñen entre 10 e 100 libros. O incremento real, pois, é do 13%.

Xa para remata-la análise desta alternativa, e como dato comparativo que pon de manifesto a desigualdade ante algo tan indispensable como é a cultura, tomáronse dúas mostras; unha de centros públicos e outra de centros privados. O resultado é o seguinte:

Alternativas	C. Públicos	C. Privados
$51 \leq X \leq 100$	12,6 %	33 %
$100 \leq X \leq 500$	3,8 %	19 %

son suficientemente reveladores dos desequilibrios culturais, que veñen determinados en gran medida polos desequilibrios socio-económicos. Sería importante quedar cun dato: na banda de propiedade de máis de 100 libros, multiplícase por 5 exactamente a favor dos colexios privados o nº de libros posuídos en relación cos colexios públicos.

¿Vas á Biblioteca Pública?

As respostas á pregunta formulada presentan 6 alternativas posibles, que son as seguintes:

- A) Van á biblioteca pública case tódolos días
 B) Van á biblioteca pública algún día ó mes
 C) Van á biblioteca pública cando teñen que facer algún traballo.
 D) non van case nunca
 E) non van nunca
 F) non contestan

Como se fixo coas variables anteriores, analizaremos as mesmas cos datos obtidos nas distintas campañas.

ALTERNATIVAS						
Campaña	A	B	C	D	E	F
I	-	-	-	-	-	-
II	5%	15%	20%	13%	45%	1,5%
III ⁴	4%	12,5%	20%	16%	46%	-
IV ⁵	3%	12%	21%	16%	47%	-
Media	4	13	20	15	46	

⁴ Na III Campaña a alternativa F non foi formulada.

⁵ Na IV Campaña a alternativa F era «Non hai Biblioteca Pública».

En principio, as porcentaxes correspondentes á alternativa A «Case tódolos días» parecerónnos excesivamente baixas e, ademais, segundo os datos, estas porcentaxes tenden a baixar, mentres as B,C, que contemplan as posibilidades dalgún día ó mes ou para facer algún traballo, mantéñense, sendo a E con ese 20% a máis alentadora, aínda que teñamos en conta que, dalgún xeito, constitúe unha visita obrigada por razóns de consulta de determinados temas impostos polos profesores.

Se contrastamos este dato de visita obrigada, coas porcentaxes do 46% que di «Non ir nunca», mallo 15% que di «Non ir case nunca», atopámonos un 61% que, practicamente, non pisa a citada biblioteca. Nembargantes, convén ter en conta que, segundo os datos da variable anterior, hai un 56% de rapaces que posúen entre 11 e 50 libros propios e un 22,5% que se sitúa na banda de posesión comprendida entre 101 e 500, e polo tanto, cabe certo nivel de xustificación se consideramos os seguintes aspectos:

- A) Porque teñen na súa casa aqueles libros, que lles gusta ler.
 B) Porque utilizan a Biblioteca do Colexio.
 C) Porque non teñen Biblioteca Pública no seu pobo.

D) Porque a meirande parte do seu tempo libre o aproveitan para xogar ou ve-la televisión, segundo se pon de manifesto noutro apartado deste libro.

Así pois, non podemos relacionar directamente o feito de ir pouco á Biblioteca Pública, co **pouco interese pola lectura**

Relacionado coas visitas a centros da lectura, preguntóuselles tamén o mesmo, referido á biblioteca colexial e tamén polas causas da non asistencia ás mesmas, podendo respostar con catro alternativas.

Tomada unha mostra de 500 alumnos, que foi obtida durante o mes de maio do presente ano 1991, con alumnos de Centros Privados de capitais de provincia, obtivéronse os seguintes resultados á mesma pregunta. Tivemos en conta ademais o nivel socio-económico en función da variable «profesión do pai».

Deste xeito, ordenamos numéricamente os grupos, de maior a menor nivel socio-económico.

ALTERNATIVAS					
Campaña	A %	B %	C %	D %	E %
I	6	22	19	17	35
II	10	21	14	12	41
III	11	15	19	10	40
Media	9	19	17	13	39

En vista dos datos obtidos, obsérvase como na alternativa A as porcentaxes de asistencia case diaria van en aumento dende o grupo I ó grupo III. Isto quere dicir, que a maior nivel social, menor necesidade de frecuencia-la biblioteca pública, o que se xustifica igual que para o cadro anterior. A maior nivel social, máis libros propios, e polo tanto, menor necesidade de recorrer ás bibliotecas.

Así as cousas, convén establece-las oportunas comparacións entre colexios públicos e colexios privados e, para iso, recorremos ás medias acadadas en cada alternativa.

	ALTERNATIVAS				
	A %	B %	C %	D %	E %
C. Públicos	4	13	20	15	46
C. Privados	9	19	17	13	39
Media	media	media	media	media	media

As medias acadadas son bastante significativas; mentres a asistencia media case diaria para Centros Públicos representa o 4% , para os centros privados acadá máis do dobre, co 9%, e na alternativa B, que supón a asistencia dalgunha vez ó mes, representa o 13% para os primeiros, supón o 19% para os segundos. Así pois, confírmase unha vez máis a incidencia do factor social nos hábitos lectores.

Tamén é para ter en conta a alternativa C, que relaciona a visita á biblioteca pública coa necesidade de facer algún traballo, pois mentres nos centros públicos refléctase unha media de 20 %, nos privados é 3 puntos inferior, ou sexa, 17%, pola mellor dotación particular, sobre todo en dicionarios, enciclopedias etc.

¿Por que non vas á biblioteca pública?

- A) non van porque lles queda lonxe
- B) non van porque non teñen tempo
- C) non van porque non lles interesa o que hai
- D) non van porque non hai biblioteca pública no seu pobo

ALTERNATIVAS				
Campañas	A	B	C	D
I	-	-	-	-
II	20%	31%	5%	26%
III	24%	27%	4%	30%
IV ⁶	-	-	-	-

Unha primeira análise dos datos da II Campaña, amosa unhas porcentaxes que, en principio, parécennos preocupantes.

Reflectase un 31% que afirma non ter tempo, un 5 % qué di non estar interesado polos libros que hai nelas e un 26% que afirma non ter biblioteca pública no pobo.

Respecto ó 31% que alega falta de tempo, habería que formular dúas interrogantes como mínimo. Unha, xa comentada e que se refire ó tempo utilizado en xogar e ve-la televisión, e outra, a de que poidan estar demasiado cargados de traballo do colexio (exercicios, leccións, etc.) e tamén pouco motivados dende as aulas para fomenta-lo interese pola lectura, deixando, pola nosa parte, esta pregunta sen resposta e sen entrar en valoracións, pero co desexo de que sexan os propios mestres os que reflexionen sobre o

⁶ Na IV Campaña non se fixo esta pregunta.

tema e artellen as posibles estratexias para mellora-la situación, porque non hai dúbida ningunha, de que o neno se interesa máis por aquilo que lle sexa presentado como de interese.

É traballo propio do mestre lograr que o alumno asuma ese interese pola lectura, porque unha vez acadado, será o propio neno o que sinía a necesidade de ler para satisfacer-la súa curiosidade, e deste xeito, quedaralle menos tempo para perder, para ve-la televisión ou para xogar por non ter nin sentir necesidade por algo máis formativo.

Unha boa orientación neste senso será de moita utilidade de cara á formación do neno.

A alternativa C, que relaciona as dotacións das bibliotecas co interese dos nenos, presenta un 5% que afirma non interesarse polos libros existentes, e parécenos unha porcentaxe moi baixa.

O que xa nos parece preocupante é ese 25% que afirma non ir á biblioteca porque no seu pobo non existe. Segundo os datos, de cada catro nenos un non ten posibilidade de le-los libros que non posúe e lle gustaría coñecer.

Na III Campaña, os resultados foron moi semellantes, pois se ben é certo que na alternativa B, que fai referencia á falta de tempo, descende do 31% ó 27%, iso pódese xustificar

porque na II Campaña os enquisados eran na maioría, alumnos de 8º curso de E.X.B. e, polo tanto, con outras esixencias académicas que non teñen noutros cursos da E.X.B., como por exemplo, o remate dos seus estudos e a consecución do Título de Graduado Escolar.

Parece moi alentador ese 1% que diminúe a alternativa C e que ben puidese responder ás adquisicións de libros propios, pois basta recordar que no ano anterior reflectírase un 50,4% que posuía entre 11 e 50 libros e nesta campaña aparece 56,2% que se sitúan na mesma banda de posesión. É lóxico pensar, pois, que ó aumentar o número de libros queda reducido o ámbito de interese por outras lecturas fóra do domicilio.

Facer preguntas acerca da asistencia ás bibliotecas, forzosamente pusa por indagar cal é a actitude do neno respecto á biblioteca do propio colexio, e para iso tamén se lle fixo a mesma pregunta coas mesmas alternativas de posible resposta.

Os resultados sintetizados nun só cadro, posibilitarannos a análise desta importante variable.

¿Vas a biblioteca do colexio?

A) van á biblioteca pública case tódolos días

- B) van á biblioteca pública algún día ó mes
C) van á biblioteca pública cando teñen que facer algún traballo.

D) non van case nunca

E) non van nunca

F) non contestan

A) Colexios públicos

ALTERNATIVAS					
Campañas	A %	B %	C %	D %	E %
I	-	-	-	-	-
II	23	32	20	12	9
III	14	33	20	16	10
IV	13	30	20	18	10
Media	17	32	20	15	9,6

ALTERNATIVAS					
Grupos	A	B	C	D	E F
I	21%	29%	19%	15%	15%
II	26%	35%	9%	11%	18%
III	24%	30%	14%	9%	22%
Media	24%	31%	14%	12%	18%

Nunha primeira valoración da alternativa A «case tódolos días» para a mostra de Colexios públicos, parécenos preocupante o descenso das porcentaxes, pois en 2 anos pasa do 23% que afirman ir case tódolos días ó 13% que afirman o mesmo; e se ben é certo que se manteñen na mesma liña as alternativas B,C, incrementábase paulatinamente a alternativa dos que afirman non ir «case nunca», pois pasa, no mesmo período de tempo (3 anos) dun 12% a un 18%, dato, que se correlaciona coa primeira alternativa.

Apréciase pois, para os centros públicos, unha menor demanda de libros das bibliotecas colexiais e quixeramos pensar que a causa é a mesma que xa se expuxo e que obedece á adquisición de libros propios. Se isto non fose así, poderíamos abarcala nunha crecente despreocupación ou desinterese pola lectura; mais o cómputo xeral dos datos obríganos a rexeitar tal pensamento.

Nos colexios públicos refléctase unha media nos tres últimos anos do 17% para a primeira alternativa e un 32% para a segunda, reflectando a alternativa dos que din «non ir nunca» ó 9,6%.

Para os colexios privados, a análise sería, seguindo os datos e por grupos socio-económicos, a seguinte:

Na primeira alternativa de asistencia «case diaria», as porcentaxes de asistencia son moi su-

péiores neste tipo de centros. Basta compara-la media que amosan dun 24% fronte o 17% dos primeiros. Máis se a este dato lle engadimos que na mesma pregunta, e para esta mesma alternativa na variable correspondente, a asistencia á biblioteca pública, a porcentaxe media de asistencia para estes centros era de 9% e para os públicos de 4% , resulta unha suma de 21% para os Colexios Públicos e de 33% para os C. Privados.

Cadro resume:

Colexios ¿Vas á biblioteca case todos os días?	
Públicos	21%
Privados	33%

Se ademais, temos en conta, segundo se puxo de manifesto á vista dos datos, que os nenos dos colexios privados, ademais doutras comodidades, posúen unha mellor dotación de libros na súa casa, podemos afirmar que os hábitos lectores están máis arraigados nos alumnos destes últimos centros, ou o que é o mesmo, o neno do medio urbano le máis có do medio rural.

Ter máis libros propios e frecuentar máis bibliotecas, implica, sen lugar a dúbidas, unha maior necesidade e predisposición lectora.

Considerouse importante tamén determinar, na medida do posible, o nivel de información

dos escolares, e para isto fíxoselle a seguinte pregunta con catro alternativas:

- A) Len o xornal diariamente
- B) Len o xornal algunha vez á semana
- C) non len o xornal case nunca
- D) Non len o xornal nunca

ALTERNATIVAS					
Campañas	A	B	C	D	F
I	-	-	-	-	
II	15%	46%	27%	11%	
III	13%	47%	32%	10%	
IV	16%	48%	30%	6%	
Medias	15%	47%	30%	9%	

Os datos reflectan, moi pouca desviación respecto da media, tomando cada alternativa por separado. Deste xeito, da media do 15%, que di ler diariamente o xornal a penas hai diferencias nas porcentaxes das tres Campañas analizadas e o mesmo pasa coa alternativa B que afirman lelo algunha vez á semana.

Parécenos moi baixo ese 15% de media para a alternativa A; demasiado elevado ese 47% que asegura le-lo xornal algunha vez á semana para

alternativa B, e tamén ese 30 % que non o le «case nunca».

Consideramos que unha distribución de xornais ós centros, para libre disposición dos alumnos, e tamén unha boa actuación dos mestres neste senso, facilitándolles na clase algún tempo para a lectura das novas máis relevantes, podería ser unha solución a poñer en práctica.

¿Que é o que máis che gusta ler?

Para poder clasificar por orde de preferencia as distintas materias, mandóuselle puntuar de 1 a 8 cada unha delas, correspondendo a calificación de que a máis preferida e en orde crecente as restantes. Acadáronse os seguintes resultados:

II Campaña		
Nº Orde	Materia	Punt. media
1º	Comics	2,63
2º	Novelas	3,37
3º	Viaxes e Desc.	4,34
4º	Libros de Hist.	4,43
5º	Actualidade	4,58
6º	Poesía	5,14
7º	Libros Cientif.	4,100
8º	Biografías	4,580

III Campaña		
Nº Orde	Materia	Punt. media
1º	Comics	2,653
2º	Viaxes e Desc.	3,290
3º	Novelas	3,500
4º	Actualidade	4,130
5º	Libros de Hist.	4,480
6º	Libros Cientif.	5,090
7º	Poesía	5,340
8º	Biografías	5,900
		Total
		2.653 P.
		3.290 P.
		3.500 P.
		4.135 P.
		4.484 P.
		5.095 P.
		5.352 P.
		5.909 P.

IV Campaña		
Nº Orde	Materia	Punt. media
1º	Comics	2,710
2º	Novelas	3,420
3º	Desc. e Viaxes	3,480
4º	Actualidade	3,910
5º	Libros de Hist.	3,900
6º	Poesía	3,980
7º	Libros Cientif.	4,100
8º	Biografías	4,580

Cadro resume das puntuacións medias

Materia	Campañas		
	II	III	IV
1º Cómics	2,63	2,65	2,71
2º Novelas	3,37	3,50	3,42
3º Viaxes e descub.	4,34	3,29	3,48
4º Historia	4,43	4,48	3,90
5º Actualidade	4,58	4,13	3,91
6º Poesía	5,14	5,34	3,98
7º Libros Científicos	5,17	5,69	4,10
8º Biografías	5,76	5,90	4,58

De tódalas preguntas da enquisa, esta tal vez sexa a máis importante de todas porque, se o auténtico significado das Campañas é o fomento da lectura, non hai nada máis relevante que coñecer-las preferencias lectoras daqueles a quen precisamente van dirixidas as mesmas.

Coñecidas as devanditas preferencias, resultará sempre máis doado e positivo as dotacións das bibliotecas de cara a fomenta-lo gusto pola lectura.

Segundo os datos, os Cómics son as lecturas preferidas, ocupando o segundo e terceiro lugar de preferencia os libros de viaxes e descubrimentos e as novelas. Os temas da actualidade e

os libros de Historia sitúanse no punto medio do listado e son os Temas de Ciencia e as Biografías os que ocupan os últimos lugares.

En vista dos resultados, resulta fácil comprender-lo feito de que os nosos escolares procuran levar sempre na carteira un Cómic e, incluso, aproveita-lo descoido do mestre para lelo durante as clases, feito moi pouco entendido polos docentes, que, en moitos casos interprétase como unha perda de tempo inxustificable merecedora de castigo, o que, segundo as circunstancias, podería ser discutible porque o neno, cando fai aquilo que lle gusta de verdade, está a formarse, o que non consegue cando a permanencia nas aulas lle resulta pouco anena e cun nivel de existencia superior ás súas expectativas.

Desde o punto de vista persoal, penso que tódalas aulas deberían te-lo suficiente número de Cómics e libros de aventuras á disposición dos nenos, e que estes percibisen na actitude dos mestres unha predisposición positiva ante a relación neno-cómics, como algo natural e que ten que darse, cando o propio neno teña ou sinta a necesidade de establecela. Xorde, polo tanto, certa controversia pouco educativa desde o momento en que o neno ve limitada a súa liberdade cando desexa ese tipo de lectura e se lle reprime por considerar que non é oportuna e que é unha maneira de perde-lo tempo.

Dada a importancia da pregunta, tomamos unha mostra ó chou de tamaño igual a 500, clasificando por grupos de nivel= socio-económico-cultural familiar, e os resultados coincidiron plenamente cos da mostra xeral xa valorada:

1º Cómics

2º Viaxes, descubrimentos, aventuras.

3º Historia

4º Novela

¿Que adoitas escribir?

As respostas a esta pregunta foron as seguintes:

Materia	Campañas		
	II	III	IV
1º Contos	41%	30%	20%
2º Nada	26%	15%	6%
3º Un diario	16%	11%	12%
4º Sen especificar	16 %	54%	6%
5º Poesía	15%	10%	10%
6º Cartas a amigos	-	-	46%

Sen dúbida ningunha, a porcentaxe máis elevada e significativa é a referente á escritura de cartas ós amigos. Esta alternativa especificase na IV Campaña e acadou un 46%, que pensamos que corresponde coa que figura na II Campaña como «sen especificar» e que acadou o 54%.

Segue en orde de preferencia a escritura de «contos» aínda que se reflicte unha clara tendencia á baixa.

¿En que ocúpalo tempo libre?

Nos últimos anos, debido á elevada porcentaxe de fracaso escolar, que se estima no 30%, fálase moito do tema, e os argumentos que se barallan son tan variados como persoas a falar do asunto. Está moi claro que non hai acordo nin entre os «técnicos» da educación, e polo tanto, é lóxico pensar na complexidade dos factores que interveñen e inflúen decisivamente no rendemento escolar dos alumnos.

Nembargante, cando se fala dun neno con dificultades nos estudos é moi frecuente escoitar frases como estas: «pasa o día xogando», «non fai máis que ve-la televisión» «non mira un libro», «é moi despistado» etc. Non hai dúbida de que moitas destas afirmacións son certas, pero non é menos certo, que moitas veces constitúen un recurso cómodo para autoxustificarse, tanto a

nivel de profesores como dos propios pais, cando o que realmente se debe afrontar é unha serie autocrítica partindo doutros supostos que pasarían, forzosamente, polo intento de cuantificar no posible tales afirmacións. Estas cuantificacións evitarán no posible afirmacións tan gratuítas, porque cando dicimos «pasa o día xogando», descoñecemos o número de horas que o neno dedica a tal actividade, qué por outra banda é psíquica e bioloxicamente necesaria e o mesmo poderíamos dicir do feito de ve-la televisión.

É por iso que consideramos relevante esta pregunta e que avaliamos de contado.

Presentáronse catro alternativas posibles e non excluíntes, de xeito que un neno pode contestar a primeira e tamén a terceira ou a segunda ó mesmo tempo.

As alternativas foron:

- A) Xogar
- B) ve-la T.V., escoitar música...
- C) ler
- E) Estudiar, facer deberes etc.

As respostas foron as seguintes:

ALTERNATIVAS

Campaña	Xogar	Ve-la TV	Ler	Estudiar
II	72%	56%	61%	17%

Nas III e IV Campañas as alternativas foron as seguintes

- A) Xogar
- B) ve-la T.V., escoitar música...
- C) facer deporte
- D) ler
- E) outras

Como se pode comprobar, as alternativas cambiaron en número (de catro pasaron a cinco) e en contido, nembargantes, substancialmente, abarcan todas a mesma actividade do neno fóra da escola. En canto á alternativa C) «facer deporte», que se presenta como distinta de A) «xogar», á vista dos datos, e tamén tendo en conta as idades dos nenos é lóxico pensar que identifiquen ámbas nunha soa, de aí, que sumadas as porcentaxes de «xogar» con «facer deporte» na III e IV igualan a porcentaxe de «xogar» da segunda campaña.

ALTERNATIVAS

Campaña	Xogar	Ve-la TV	Deportes	Ler	Outras
III	30%	51%	42%	43%	24%
IV	33%	48%	43%	44%	21%
Media	31%	50%	42%	43%	22%

Partindo da posibilidade de integrar «xogar» e «facer deporte» nunha soa alternativa, os resultados serían:

II Campaña		III Campaña		IV Campaña	
Xogar	72%	Xogar	72%	Xogar	76%
Ver TV	56%	Ver TV	51%	Ver TV	48%
Ler	61%	Ler	43%	Ler	44%
Estudiar	17 %	Outros	24%	Outros	22 %

Para colexios privados os resultados foron os seguintes:

ALTERNATIVAS					
Grupos	Xogar	Ve-la TV	Deportes	Ler	Outras
I	49%	42%	50%	40%	17%
II	52%	51%	33%	44%	13%
III	62%	53%	40%	30%	6%
Media	53%	48%	41%	38%	12%

A comparación dos datos resulta moi significativa. Mentres nos colexios públicos (medio rural e semi-urbano) a porcentaxe media na alternativa «xogar» representa o 73%, nos Privados representa o 53%. Así mesmo, temos unha media do 52% para os públicos e do 48 % os privados.

Resume dos datos:

	Colexios Públicos	Colexios Privados
Xogar	73%	53%
Ver TV	52%	48%

Así pois, os nenos do medio rural e semi-urbano, dedican máis tempo a xogar e a ve-la televisión, do que dedican os do medio urbano, e polo tanto, menos tempo ó estudio e, como consecuencia directa, moito máis fracaso en canto á súa formación ou, mellor dito, máis baixo nivel de coñecementos obtidos ó remate da E.X.B.

Dende o status social (grupos I,II,III), que se corresponden coas clases alta, media e baixa respectivamente segundo os datos; a maior nivel social menos tempo de xogo e menos tempo de televisión, e viceversa. Entre outros factores, iso débese a un maior control por parte dos pais, porque xa posúen unhas perspectivas e plans de futuro para os seus fillos cousa que, salvo casos de excepción, non se dá no medio rural.

Os datos comparativos serían:

ALTERNATIVAS		
Grupos	Xogar	Ve-la TV
I	49%	42%
II	52%	51%
III	62%	53%

Segundo os datos, refléctase unha gran coincidencia nas tres Campañas o que confire un grao inportante de fiabilidade os datos obtidos.

Temos unha media dun 73% que se encadra na alternativa A «xogar» o que, como dato illado, podería parecer normal, pero como ó mesmo tempo, se dá unha media do 52% que ve televisión, aínda que non é posible unha porcentaxe sumatoria por non seren variables excluintes, si nos parece moito tempo mal aproveitado, pois aínda que se reconece a necesidade do xogo para o neno, non se pode reconece-la mesma necesidade de ve-la televisión. Así pois, parécenos preocupante o tempo que o neno consome en vez de investir. Isto fai-nos pensar no tema do ocio e tempo libre, e como empregaría ese tempo de lecer o neno se tivese uns lugares onde, dun xeito organizado, puidese queima-las súas enerxías sobranes, di-vertirse e, ó mesmo tempo, formarse. Habérá

que ir pensando na necesidade dun seguimento racional, adecuado e educativo-formativo para uns escolares que, moitas veces se aburren na súa casa e nin saben que facer, nin a onde ir, quedándolles como única alternativa sentar diante da televisión e ve-la programación do día ou recurrir ó vídeo.

¿Cantos libros les ó ano?

Unha vez que xa coñecemos-lo número de libros que posúen na casa, tanto de uso familiar como de propiedade, interesa, tamén, sabe-lo número de libros que o neno le, e para iso fáiselle a correspondente pregunta desdobrando a mesma en dúas. Unha primeira, que fai referencia a libros en xeral, e que se inclúe na IV Campaña e unha segunda, que se refire ó número de cómics que se le.

Referente á primeira, os resultados son os seguintes:

a) Menos de 5	3%
b) Entre 5 - 10	10%
c) Entre 11 - 20	11%
d) Máis de 20	38%

A alternativa b) fai referencia á lectura dun número superior a 20 libros e nela sitúase o 38%

dos alumnos. Parécenos moi alentadora esta porcentaxe, e tamén nos parecen coherentes as respostas que dan cando se lles pregunta polo número de publicacións ilustradas que len ó mes, pois segundo os seguintes datos:

- a) Menos de 5 13%
- b) Entre 3 - 7 23%
- c) Entre 8 - 15 15%
- d) Máis de 15 14%
- e) Non contestan 35%

O 14% dos nenos le máis de 15 cómics ó mes, pero, pola contra, aparece un 35% que non contesta, o que fai supoñer, que de cada tres nenos, só 1 pode dispoñer de tales publicacións, e tendo en conta, que ocupan un lugar preferente nas predileccións lectoras por eles manifestadas, pensamos que se está a perder unha boa oportunidade para fomenta-la afección lectora.

O índice máis elevado sitúase na banda de 3 a 7 na que figuran o 23% dos enquisados.

Coñecidas as porcentaxes acadadas para cada intervalo, complétase a información coa determinación daqueles títulos máis solicitados polos nenos, e, para iso, a pregunta é moi sinxela:

Escribe os títulos dos tres que máis che gusta ler*

Rexistramos nas respostas da IV Campaña, un total de 35% títulos diferentes, e como é lóxico foi necesario reduci-lo listado ós 20 títulos que acadaron maior frecuencia, sendo os resultados os seguintes:

Orde	Título do Libro	Frecuencia
1.	<i>Mortadelo y Filemón</i>	428
2º	<i>Zipi y Zape</i>	346
3º	<i>Tin Tin</i>	205
4º	<i>O Demo presumido</i>	89
5º	<i>Asterix</i>	69
6º	<i>Botones Sacarino</i>	43
7º	<i>Rompetechos</i>	42
8º	<i>Pepe Gotera y Otilio</i>	24
9º	<i>Heidi</i>	23
10º	<i>Superman</i>	21
11º	<i>Superpop</i>	20
12º	<i>Pato Donald</i>	19
13º	Revista « <i>Pronto</i> »	18
14º	<i>Los Cinco</i>	17
15º	<i>Super López</i>	16
16º	<i>Pulgarcito</i>	14
17º	<i>Pinocho</i>	13

18º	<i>Centienta</i>	11
19º	<i>Batman e Spiderman</i>	11
20º	<i>Carpanita</i>	10

En función das frecuencias obtidas, os índices de aceptación para os postos 1º e 2º están claramente diferenciados, destacando extraordinariamente o nivel de aceptación de *Mortadelo*, que duplica claramente a *Tin-Tin*, que ocupa o terceiro posto, e tamén a bastante distancia do 2º clasificado.

En función dos datos, *Mortadelo* y *Filemón*, acadan o 1º posto, con 428 preferencias, seguidas de *Zipi* y *Zape* con 346 e xa a moita distancia por *Tin-Tin* con 205 eleccións. Os demais títulos elixidos repártense un número moi discreto de preferencias.

Pensamos que están ben definidas as preferencias lectoras e cal é o camiño a seguir para dotar adecuadamente os centros de lectura, considerando, ó mesmo tempo, que na V Campaña, aínda pendente de avaliar, preguntáselles ós nenos polo título do último libro que estiveren a ler, e tamén ocupa o primeiro posto *Mortadelo* y *Filemón*, seguidos de *Tin-Tin* e *Zipi* y *Zape*, predileccións que se confirman nas respostas que dan para os dous títulos de libros que máis

lles gustaron, acadando *Mortadelo* as 90 eleccións e *Tin-Tin* 56. (datos do ciclo Inicial e Medio).

Cando se promove unha iniciativa tan importante e que supón un esforzo económico por parte da Consellería de Cultura, interesa coñecerlo grao de aceptación por parte daqueles a que vai dirixida coa finalidade de melloralas naqueles aspectos en que sempre é posible e, para iso preguntáselles tamén ós nenos e ós mestres polas devanditas campañas:

¿Gustouche esta Campaña de Fomento da Lectura?

Alternativas para nenos:

a) Moito-Bastante	75%
b) Algo-Pouco	23%
c) Nada	1%

Os datos son bastante claros á hora de facer unha valoración do nivel de aceptación das mesmas aínda que só se tivese en conta a primeira alternativa, con ese 75% que manifestan estar moi satisfeito das campañas para o Fomento da Lectura.

Análise dos datos informatizados para a V Campaña

Tendo en conta que xa se desenvolveron 4 Campañas, consideramos que esta, que fai o número 5, podería constituír un punto de referencia desde o cal poder analiza-lo camiño xa percorrido e, ó mesmo tempo, deixa-lo punto de arranque para as Campañas vindeiras.

Se ben nas anteriores Campañas se fixo a toma de datos e a análise dos mesmos dunha maneira sinxela, nesta, e coas pretensións xa anunciadas, consideramo-la necesidade de que a análise das enquisas acadase un nivel de investigación e fiabilidade moi elevado, e por iso, sometémolas a proceso de información no Departamento de Métodos da Universidade de Santiago, incluíndo algunhas variables distintas da enquisa orixinal, co fin de atopalo maior número de interrelacións no proceso.

Noutras Campañas non se tiveron en conta, por exemplo, os tipos de zona, o hábitat, a análise de variables por sexos ou por ciclos etc, como se fixo nesta, mediante ordenador.

O feito de analizar separadamente os Centros de interior e os do litoral, responde a dous modos de vida. Mentres que, os nenos do litoral, pola tradición mariñeira do lugar, gustan máis de

lecturas relacionadas con aventuras, barcos e viaxes maravillosas, os nenos do interior non poden senti-las mesmas inclinacións porque, en moitos casos, non coñecen o mar e han de esperar a excursión de fin de Curso para ,se hai sorte, pasar un día na praia.

No caso da ocupación do tempo libre, o neno do interior ten a necesidade de axudar máis nas tarefas agrícolas, mentres o do litoral, ó non se-la agricultura o modo de vida dos seus pais, non ten tal necesidade. Desta situación socio-familiar derivase outra, de gran incidencia na vida do neno, é que se concreta na convivencia pais-fillos. Mentres o neno do interior convive todos os días con eles, o neno do litoral posúe certas carencias, porque é a nai a que, dalgún xeito, leva a responsabilidade da casa, motivada polas longas ausencias do traballo mariñeiro do cabeza de familia.

Outro aspecto a ter en conta, son as distintas influencias culturais de ámbalas dúas zonas.

Analizamos tamén as variables, tendo en conta os núcleos de poboación, en función do número de habitantes dos mesmos: rurais, semi-urbanos e urbanos.

Non parece moi necesaria a xustificación de tal variable, pero si indispensable a súa inclusión, xa que son moi evidentes as diferencias

socio-económicas e culturais dos tres enclaves xeográficos, e sobre todo, entre os rurais e os urbanos e, polo tanto, dous modos de vida coas connotacións que todo iso comporta.

O feito de intentar coñecer-lo maior número de datos referentes á vida do neno e, sobre todo, á súa relación co libro, pasa inevitablemente pola diferenciación de intereses, e iso vai emparrallado coa idade e, polo tanto, cos ciclos de estudo da E.X.B. Esta é a razón pola que tomamos-las variables para ciclo Inicial e Medio e para ciclo superior separadamente.

O proceso de estudio fíxose metendo en or-denador un total de 5460 enquisas, sacando unha mostra xeral con tódolos datos para cada unha das variables xa comentadas.

Na variable «profesión dos pais» os datos son os seguintes, tendo en conta, que seguimos o mesmo modo de agrupamento:

- Grupo I: labregos-marifeiros-peóns...
- Grupo II: comerciantes-industriais-funcionarios...
- Grupo III: médicos-avogados-enxeñeiros...

Por zonas

	Zona interior		Zona Costeira	
	Frec.	Porcentaxe	Frec.	Porcentaxe
Grupo I	3125	81	1077	77
Grupo II	562	15	241	17
Grupo III	152	4	84	6

Por provincias

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Grupo I	1314	77	1034	77	378	83	1476	85
Grupo II	290	17	246	18	63	14	204	12
Grupo III	112	6	67	5	11	2	46	3

A distribucións de porcentaxes presentan, como era de esperar, unha gran similitude no estudio por zonas.

As zonas do interior e do litoral reflectan o 81,4% no grupo I para o interior fronte o 77% no litoral, redistribuíndose ese case 5 % de diferen-cia nun significativo 6% do grupo III na zona costeira, fronte ó 4% do mesmo grupo na zona interior, e nese caso 3% máis do grupo II, do litoral respecto ó interior.

No estudo por provincias, aparece Pontevedra cun 85% seguida de Ourense cun 83%, e a bastante distancia A Coruña e Lugo cun 77%

No grupo II aparece a provincia de Lugo como a máis favorecida, cun 18%. Pola contra, é Pontevedra a que rexistra menor porcentaxe, 12%, resultando a provincia de Ourense a máis desfavorecida no grupo III, cun 2%, aínda que moi cerca de Pontevedra cun 3%, pero a moita distancia da Coruña, que acada o 6%, e de Lugo que chega ó 5%.

Así mesmo, resulta pouco satisfactorio comprobar que non chegan á media do 0, 3% as mulleres encadradas no grupo III, o que en certo modo era de esperar, xa que estamos en quimando nenos dos medios rural e semiurbano maiormente, e hai que ter en conta tamén, que as familias de estatut máis elevado mandan ós nenos ós colexios privados da cidade, onde ademais de prestixio (non necesariamente mellor ensino) brindanlle-los servicios de internado e, nestes casos, obviamente, eses nenos non cumprimintaron as enquisas, polo que non se reflicentan esas posibles ou case seguras profesións liberais de elevado estatut dos seus proxenitores,

Como conclusión, diremos que Pontevedra e Ourense son as provincias de máis baixo status socio-económico, xa que sitúan no grupo I

(persoal non cualificado) unha media do 84% dos cabeza de familia e só un 2,5% no grupo III (persoal moi cualificado), fronte á Coruña e Lugo, que sitúan no grupo I o 77% en no grupo III o 5,5%.

Retomaremos estas porcentaxes cando fagámo-la análise doutras variables como «libros que tes na casa», «libros qué son teus», «en que ocupa-lo tempo libre» etc., para establecer as oportunas correlacións entre elas e status.

¿Cantos libros tes na túa casa?

Fíxose tamén un cómputo por zonas e por provincias, rexistrándose os seguintes resultados:

Por zonas

Alternativas	Zona interior		Zona Costeira	
	Frec.	Porcentaxe	Frec.	Porcentaxe
1. Menos de 10	847	21	141	10
2. De 11 a 50	1563	40	437	31
3. De 51 a 100	936	23	372	26
4. De 101 a 500	445	11	361	25
5. Máis de 500	61	3	108	8

Por Provincias

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
1.	275	16	236	17	71	16	406	23
2.	606	34	492	36	166	37	736	42
3.	436	25	345	25	127	28	400	23
4.	354	20	204	14	71	16	173	10
5.	86	5	102	7	16	3	49	3

1. Menos de 10
2. De 11 a 50
3. De 51 a 100
4. De 101 a 500
5. Máis de 500

Establecendo comparacións entre a zona interior e a zona costeira, observamos unhas porcentaxes claramente favorables á primeira respecto da segunda, que se poñen de manifesto no primeiro intervalo (de 0 a 100), cunha diferenza de 11 puntos no segundo (de 11 a 50), cunha diferenza de 9 puntos, o que sitúa unhas porcentaxes acumuladas no terceiro intervalo (de 51 a 100), nun 84% para o interior fronte ó 66% da costa. Así pois, mentres na zona interior o 84% dos nenos poden chegar a 100 libros, no litoral só chega o 66%. No cuarto intervalo (de 101 a 500) a porcentaxe é claramente superior na zona

costeira, pero consideramos que este intervalo non é moi significativo pola mesma amplitude do mesmo, se ben cómpre ter en conta que, no cadro de distribución socio-económico (profesión dos pais), reflectábase un $15\% + 4\% = 19\%$ para os grupos II e III, na zona interior, mentres na costeira aparece un $17\% + 6\% = 23\%$.

Este 4% de familias pertencentes a grupos máis fortes economicamente, desde logo que ten moita influencia na variable que estamos a analizar e que se reflecta nesa cuarta alternativa, que xa supón unha importante biblioteca familiar.

No estudio por provincias, preséntase certa igualdade, aínda que a provincia de Pontevedra, reflecte na banda de posesión de menos de 10 libros unha porcentaxe moi elevada, do 23%, e que non resultaría tan preocupante se na seguinte alternativa (de 11 a 50) fose superior ás outras provincias, pero iso non se dá nas porcentaxes esperadas (só un 5% superior).

